




MARÍA VICTORIA MORENO, Galicia como elección

As persoas non escollemos onde nacemos, pero si que podemos elixir de onde nos sentimos cando somos adultas. Foi así como María Victoria Moreno, que naceu fóra de Galicia e que non se estableceu entre nós ata os 24 anos, acabou sendo unha das grandes autoras da literatura galega. Mais antes de repasar a súa sobresaínte carreira no mundo das letras, cómpre achegármonos ás súas outras patrias da mocidade.

De nai malagueña e pai toledano, María Victoria Moreno veu ao mundo na vila cacereña de Valencia de Alcántara (1939). Porén, as vivencias estremeñas apenas marcarán a súa biografía: con só catro anos, seguindo o traballo do pai, marcha coa familia para terras segovianas, onde máis adiante a súa nai acaba reincorporándose ao ensino como mestra.

Aqueles anos corenta do século XX non eran tempos doados para ninguén, tampouco para os docentes.

Nunha España na que aínda non cicatrizaran as feridas da guerra civil, o ensino era un luxo ao que só podían acceder as clases máis acomodadas. Ao máximo ao que podían aspirar moitos nenos e nenas daquel tempo era a cursar os estudos elementais.





SABÍAS QUE CANDO
MARÍA VICTORIA MORENO
ERA NENA...

Moitos rapaces e rapazas
traballaban para contribuír
ás modestas economías
familiares.

Moitas mestras e mestres
perderan a praza por non
compartiren a ideoloxía do
bando vencedor da
Guerra Civil.

A lingua galega non tiña sitio
nas escolas e mesmo eran
frecuentes os castigos por
falala.

A materia de Relixión
considerábase unha
das máis importantes
do currículo escolar.

As escolas públicas non
tiñan calefacción.

A educación
é un dereito
de todas as persoas

Os nenos e as nenas estudaban en
aulas separadas e incluso en escolas
diferentes.




ACTIVIDADE

Conversa con familiares ou con veciñas e veciños maiores
que fosen á escola nos anos corenta.

Pregúntalles como era o seu día a día na escola.

En Sepúlveda, a vila de Segovia á que foi vivir María Victoria, non había instituto, e a súa familia, logo de morrer o pai, non tiña medios económicos para mandala estudar fóra. Mais en 1951, grazas a unha bolsa de estudos, puido ir estudar o bacharelato a Barcelona.



A súa estancia en Cataluña vai ser decisiva na súa biografía, xa que aprende outros dous idiomas, catalán e francés, que se suman á súa lingua nai (o castelán). Tamén comeza a xermolar a súa paixón pola literatura. Nesa etapa le obras como *O Quixote* ou *O Principiño*, que pasarán a ser algúns dos seus libros máis queridos.

En 1958 comeza a estudar Filosofía e Letras en Madrid. Na universidade coñece a José Luis Llácer, un alumno invidente co que casará ao remataren a carreira, e María Victoria principia a traducir libros do francés para o braille.




Imos aprender o que é o braille:

O braille é un sistema de escritura pensado para que as persoas cegas poidan ler por medio do tacto. Inventouno a mediados do século XIX o francés Louis Braille, que foi quen lle deu nome. A universalización do braille foi unha grande axuda para a integración social das persoas invidentes.

ACTIVIDADE

Buscade coa vosa profesora ou profesor un alfabeto braille.


A que é curioso? Probade a escribir o voso nome en braille.





María Victoria Moreno e o seu marido chegan en 1963 a Galicia por motivos laborais. E o seu destino é Pontevedra, cidade á que a autora quedará ligada de por vida. Dedicada á docencia, non tarda en facer súas a lingua e a cultura do país. O inicio dese compromiso pódese buscar na súa amizade co profesor Xesús Alonso Montero, que foi compañeiro de traballo en Lugo.

Nuns tempos nos que o galego permanecía marxinado do ensino e das institucións oficiais, María Victoria Moreno demostrou un activismo lingüístico inusitado.



Ensínalle nocións de lingua e literatura galega ao seu alumnado, dá cursos de galego en asociacións, participa na fundación dunha librería en Pontevedra... Como represalia, as autoridades franquistas retiráronlle o pasaporte en 1974, un castigo que lle impedía viaxar a outros países.



Mais tamén nesa época hai excelentes noticias. En 1973 publica o seu primeiro libro: *Mar adiante*. A obra tivo unha notable repercusión e fixo da autora unha das pioneiras da literatura infantil galega. Ese mesmo ano tamén inicia o proceso de adopción de Begoña e Carlos.

En 1979 sae á luz nun libro colectivo o conto *O cataventos*, co que logrou o Premio O Facho.

Na década dos oitenta chegarían libros como *A festa no faiado* (1983) e *Leonardo e os fontaneiros* (1986). En 1989 publica a novela *Anagnórise*, un título que tivo un extraordinario éxito entre a mocidade e que é considerado pola crítica como o seu mellor libro. Narra a conversa entre un adolescente que foxe da casa facendo autostop e a condutora que o recolle. A novela reflexiona sobre o tránsito cara á idade adulta e a aprendizaxe de vivir.

María Victoria non descansa. Ademais da escrita e do traballo docente, que é a súa gran paixón, dende 1988 tamén é unha das responsables da colección de literatura infantil da Editorial Galaxia. Nos anos 1996 e 1997 a vida móstralle a cara máis amarga. Primeiro falece o seu home, José Luis Llácer, e ao ano seguinte diagnósticanlle un cancro de mama. Malia os golpes da vida e a gravidade da doenza, segue a traballar como profesora e publica novas obras.

En 1999 chega ás librarías a novela xuvenil *Guedellas de seda e liño*. En 2003 casa cun seu admirador literario: o mariño Pedro Ferriol. En 2004, un ano antes do seu falecemento, publica *Diario da luz e a sombra*, un libro para persoas adultas no que escribe sobre a súa enfermidade.



Finou un 22 de novembro de 2005 na cidade que tanto amou e na que viviu a maior parte da súa vida. O seu pasamento foi recollido por todos os medios de comunicación. María Victoria Moreno convertérase nun dos grandes nomes da literatura galega do seu tempo e os seus libros conquistaran o corazón de milleiros de lectores e lectoras de todas as idades.

Nunha última mostra máis do seu compromiso coa cultura, con Galicia e co mundo do ensino, a súa biblioteca persoal (con máis de 5.000 libros!) foi doada ao IES Torrente Ballester de Pontevedra.

Doce anos despois do seu pasamento, a Real Academia Galega decidiu que o Día das Letras de 2018 rendería homenaxe á vida e á obra dunha autora, galega por elección, que contribuíu a engrandecer a nosa lingua e literatura.

